

## CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA 2023

### 1. TEMÁTICA:

As fiestras deberán decorarse con temática de Nadal. Valorarase a estética e a orixinalidade.

Non serán admitidas, e polo tanto non se valorarán, aquelas montaxes que poidan ferir a sensibilidade das persoas nin que sexan contrarias á Lei.

### 2. PARTICIPANTES:

Poderán participar persoas de calquera idade residentes dentro do termo municipal das Pontes que acepten as bases da convocatoria. Non obstante, a solicitude terá que ser presentada por unha persoa maior de 18 anos. Unha única candidatura por persoa participante.

### 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:

As solicitudes de participación (ao final das bases) serán enviadas ao correo electrónico da asociación [cohempo@cohempo.es](mailto:cohempo@cohempo.es).

As solicitudes descargaranse na web da Asociación <https://www.cohempo.es/> e deberán cubrirse todos os datos requiridos.

Deberanse adxuntar á solicitude fotografías da decoración có fin de poder incluílas na categoría correspondente (de non ter as **fotografías** antes do día 17 poderán enviarse posteriormente sempre que seña **antes do día 20 de decembro ás 13:30**)

**4. PRAZO:** As **solicitudes** terán que estar presentadas **antes do día 17 de decembro ás 13:30 horas**. A valoración das fiestras por parte do xurado será entre os días 20 e 30 de decembro.

## 5. PREMIOS:

Existirán 3 categorías e 3 accésits:

- Categoría “CASAS”:

- 1) FACHADA. Decoración só fachada ou entrada

1. Primeiro premio: 250 €
2. Segundo premio: 150 €
3. Terceiro premio: 100 €

- 2) XARDÍN. Decoración só Xardín

1. Primeiro premio: 250 €
2. Segundo premio: 150 €
3. Terceiro premio: 100 €

- 3) FACHADA+XARDÍN. Nesta categoría irán incluídas as decoracións feitas nas fachadas das casas máis os xardíns das mesmas

1. Primeiro premio: 500 €
2. Segundo premio: 300 €
3. Terceiro premio: 200 €

- Categoría “EDIFICIOS DE VIVENDAS”:

- 1) FIESTRAS E BALCÓNS. Inclúiranse as fiestras dos edificios de vivendas (non estarán incluídas as fiestras das casas por estar incluídas na categoría anterior). Nesta categoría poderán participar os escaparates.

1. Primeiro premio: 250 €
2. Segundo premio: 150 €
3. Terceiro premio: 100 €

2) PORTAIS. Poderán participar neste apartado os portais ou entradas dos edificios de vivendas

1. Primeiro premio: 250 €
2. Segundo premio: 150 €
3. Terceiro premio: 100 €

- Categoría “CLUBES E ASOCIACIÓNS”: Nesta categoría poderán participar tanto os locais dos clubs deportivos como os das asociacións que teñan a súa sede no Concello de As Pontes (culturais, veciñais,...)

1. Un único premio de 300€

- Accésits: 3 premios de 100 € cada un que se outorgarán aos/ás participantes que o xurado considere pola súa proposta senlleira.

Estes premios entregaranse en forma de vales que se poderán trocar (en calquera establecemento asociado a COHEMPO) ata o 17 de marzo do 2024.

#### 6. ESTABLECEMENTOS PARA CANXEAR OS VALES:

Calquera dos establecementos asociados a COHEMPO (aportarase un listado cos mesmos no momento da entrega do premio)

## 7. XURADO:

Estará composto por persoas con recoñecida experiencia no sector profesional do deseño e/ou decoración, representantes do Concello de As Pontes e da Xunta Directiva de COHEMPO.

A entrega de premios realizarase a mediados de xaneiro (anunciarémolo a través das nosas redes sociais). Será comunicado aos/ás premiados/as por vía telefónica os días antes a través dos datos proporcionados na solicitude de participación.

**O fallo do xurado farase público o día antes da entrega e a decisión será inapelable. Será comunicado aos/ás premiados/as por vía telefónica a través dos datos proporcionados na solicitude de participación.**

8. CALQUERA CASO NON PREVISTO NAS BASES SERÁ RESOLTO POLO XURADO CUALIFICADOR.

9. A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA A TOTAL ACEPTACIÓN DAS PRESENTES BASES.

## **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

### **FICHA DE INSCRIPCIÓN**

CONCURSO DE DECORACIÓN DE FIESTRAS CAMPAÑA DE NADAL 2023

(A persoa solicitante deberá ser maior de 18 anos)

***Nome e apelidos:***

***Número de teléfono:***

***Dirección da vivenda que participa no concurso:***

***Categoría na que participa:***

***No caso das fiestras ou portais, descrición da posición da fiestra ou portal que participa no concurso (a que rúa dan, altura no caso de ser un piso, etc):***

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril (GDPR), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (LOPDGDD), doume por informado/a de que os meus datos persoais serán tratados baixo a responsabilidade de Asociación de Comerciantes, Hosteleiros e Empresarios Ponteses para participar no CONCURSO DE DECORACIÓN DE

FIESTRAS CAMPAÑA DE NADAL DE 2023 por ser necesario para o mantemento da relación contractual que implica, e para publicar os meus datos (nome completo e imaxes propias e do domicilio) no caso de ser o/a gañador/a, nos medios de comunicación de Cohempo e de terceiros mediante a obtención do meu consentimento. Conservaranse os datos durante non máis tempo do necesario para manter os fins do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia.

Doume por informado de que teño dereito a revogar os consentimentos en calquera momento e a exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos meus datos e os de limitación e oposición ao tratamento dirixíndome a Rúa Sergio Rivera Chao 5-7 B.

C.P.15320, As Pontes (A Coruña). Correo electrónico: [cohempo@cohempo.es](mailto:cohempo@cohempo.es). Tamén estou informado de que podo reclamar perante a autoridade de control en [www.aepd.es](http://www.aepd.es).

O Acepto que, en caso de resultar gañador/a, se publiquen nos medios de comunicación o meu nome, apelidos e imaxes propias e do meu domicilio.

O Acepto que se publiquen tamén en outros medios, distintos ós de Cohempo, os mesmos datos e imaxes anteriormente mencionados.

Firma: